



ACORDO DE TRASPASO DE MEDIOS PERSOAIS ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o Decreto 37/2017, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Este Decreto, na súa disposición derradeira primeira, modifica o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, no cal, se leva a cabo unha profunda reorganización da Axencia Galega de Infraestruturas co fin de adaptar a súa estrutura e funcións ás novas tarefas que nos últimos tempos lle son obxecto de encarga polos distintos Departamentos da Xunta de Galicia.

Así, máis concretamente, ademais de redefinir as funcións das Áreas da Axencia para dar cabida ás novas funcións que esta asume en materia de obras de edificación, créase o Servizo de Contratación e dótase un Servizo de Edificación, o que permitirá mellorar a tramitación dos expedientes contractuais competencia desta entidade, ao tempo que satisfacer de xeito eficiente as encomendas que se efectúen en materia de obra de edificación.

Por este motivo e tal e como figura na documentación que obra no expediente de tramitación do referido decreto, resulta necesario avanzar no traspaso dos postos necesarios para acadar o obxectivo perseguido coa modificación, que non é outro que, a agrupación, nunha soa entidade, da licitación, xestión e execución dos expedientes de contratación de obras, non só en materia de obra civil senón tamén de edificación, que ata o de agora realizaba a Consellería de Política Social no ámbito das súas respectivas competencias.

En suma, e consonte ao disposto na Disposición transitoria terceira do Decreto 37/2017, do 6 de abril, *“a Axencia asumirá as encomendas que lle realicen en materia de obra civil e edificación nos ámbitos sanitarios, sociais e educativos.*

Progresivamente, poderá asumir novas encomendas e encargos que, dos restantes ámbitos da Administración, lle poidan efectuar as distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes, en materia de obra civil e edificación, na medida en que se dote a Axencia dos medios necesarios para levalas a cabo”.



Procede polo tanto facer efectivo o traspaso do persoal detallado de seguido das distintas consellerías e entidades asinantes deste acordo:

POSTOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL QUE SE INCORPORAN Á AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

COD	DENOMINACION	GR	NIV	LIÑA	CORPO/ESCALA	OBSERVACIONES
PS.C02.00.000.15770.055	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12		XERAL	
PS.C02.00.004.15770.050	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	A2C1C2	18		XERAL	
PS.C02.00.006.15770.010	XEFATURA SERVIZO SUPERVISIÓN DE PROXECTOS	A1	28		ESA	
PS.C02.00.006.15770.031	ARQUITECTO/A TECNICO/A FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A2C1C2	22		EMA	

En proba de conformidade asíñase o presente acordo, por duplicado exemplar, en Santiago de Compostela o 4 de maio de 2017

O Director da Axencia Galega de Infraestruturas



Francisco Menéndez Iglesias

O Secretario Xeral Técnico da Consellería de Política Social



Francisco Javier Abad Pardo